



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista de admitidos/excluídos á convocatoria para a contratación laboral temporal de 8 socorristas para o servizo de vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal, convocatoria 2023, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo.

Expte. Admvo. Núm.: 2023/E001/000004

Expte. Decreto Núm. 2023/G003/000565

Mediante resolución de Alcaldía núm. 511/2023, de data 20/06/2023, aprobáronse as bases e convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 8 socorristas para o servizo de vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal, durante 2 meses, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo, Programa fomento do emprego coas entidades locais, convocatoria 2023.

Con data do 20/06/2023 este concello presentou a oferta de emprego no Servizo de Emprego de Galicia, oficina de emprego de Carballo, tal e como reflicte o Orde de subvención no artigo 14.3 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Con data do 21/06/2023 a oficina de emprego de Carballo remitiu unha relación de currículos, co número de oferta 12-2023-7151, remitindo un currículo máis con data do 22/06/2023.

Realizadas as comunicación telefónicas aos candidatos preseleccionados polo oficina de emprego de Carballo e rematado o prazo de presentación de instancias procederase a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, considerando que na base 5.1 das bases de selección establece que *“A resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as”*.

Pola presente, esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria para a selección de 8 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal Concello de Laxe convocatoria 2023, que figura como anexo I desta resolución, de acordo co establecido na base 5ª das bases de selección.

Como anexo II inclúese a listaxe de persoas aspirantes que non acreditan o coñecemento do idioma galego.

Segundo. Dado que non hai ningún aspirante excluído, de acordo coa base quinta das bases de selección, a lista provisional anterior elévase a DEFINITIVA.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Terceiro. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base 6ª que estará composto polos membros seguintes:

Presidente: Julio Torreira López, animador deportivo deste concello

Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello

Vogais:

1. Alejandra Castro Añón, administrativa de contabilidade social deste concello
Suplente: José Antonio Esmorís Gómez, bibliotecario-arquiveiro deste concello.

2. José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello
Suplente: Alfredo A. Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello

3. Isabel Mª Castro Añón, xefa do Negociado de Contabilidade deste concello
Suplente: Marcial Álvarez Pose, Policía Local deste concello

Secretaria: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello

Suplente: Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa deste concello

Cuarto. Convocar ao tribunal para a súa constitución para o **mércores 28 de xuño de 2023, ás 10.30 horas na Casa do concello.**

Quinto. Convocar aos aspirantes admitidos/as para a realización das probas selectivas da fase de oposición para o **mércores 28 de xuño de 2023, ás 11.00 horas na casa do concello de Laxe, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 de Laxe.**

Sexto. Convocar aos aspirantes admitidos/as que non acreditaron estar en posesión do título de Celga 2 ou equivalente para a realización da proba de coñecemento do galego para o **mércores 28 de xuño de 2023, ás 12.30 h, na Casa do Concello, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, en Laxe.**

Sétimo. Expor a dita lista no Taboleiro de edictos deste concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>).

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretario-interventor acumulado dou fe.

O alcalde
acumulado

Asdo.: José Luis Pérez Añón

Juiz

O secretario-interventor

Asdo.: Francisco Javier Novoa

ANEXO I: LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA 8 POSTOS DE SOCORRISTAS NAS PRAIAS E NA PISCINA MUNICIPAL (Núm. Oferta oficina de emprego de Carballo: 12-2023-7151)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

N o	APELIDOS E NOME	DNI
1	GARCÍA ANTELO, CLAUDIA	51****03K
2	GARCÍA TORRES, ALEXANDRA	47****29X
3	LEMA MIRA, ADRIÁN	78****53H
4	MÉNDEZ REYES, FABIO	45****94L
5	PEREZ MERELAS, XIAN	49****39S
6	RAMOS MIRA, LAURA	78****13Y
7	REY PÉREZ, IKER	49****91P
8	SANTOS CHARLÍN, BIEITO	78****06T
9	TOJA ÁLVAREZ, ÁNGEL	49****95D

ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

Ningún

ANEXO II: ASPIRANTES ADMITIDOS QUE NON ACREDITAN O COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

N o	APELIDOS E NOME
1	GARCÍA TORRES, ALEXANDRA